

**CONCURSO DE MICRORRELATOS Amor, ou non, en 100 palabras**

**IES XOSÉ NEIRA VILAS (Oleiros), febreiro 2011**

**Club de Lectura e Equipo de Dinamización da Lingua Galega**

**Microrrelato gañador**

**Eternamente**

Oxalá puidese chorar, pero non podo, os anxos non temos bágoas. Dende aquí enriba véxote chorar.

Non tiveches ti a culpa. Sempre fuches un bo condutor; ninguén sabía que o coche dun borracho se cruzaría no noso camiño.

Ás veces métome nos teus soños e observo a primeira vez que nos bicamos, lembras? Baixo a luz das estrelas, xunto ó lago... A primeira vez que dixeches que me querías.

Non quero que esteas triste. Agora son un anxo e, sempre que te lembres de min, vivirei na túa lembranza, porque ese é o verdadeiro amor, o que dura eternamente.

DobleDL

Autor: Daniel Dopazo Lafuente, 2º Bacharelato